

REFLEXIÓNS dunha lectora cursidosa ao prólogo aos CONTOS da AGRA ABERTA

A chegármonos ao pensamento e á obra do escritor Victoriano Taibo implica volver a ollada a un período histórico e literario altamente propicio para o avance da literatura galega, pola súa lucidez e capacidade innovadora, que conxuga o labor creativo de boa parte dos grandes clásicos do noso sistema literario con aqueloutros movementos de renovación estética apoiados na defensa férrea do código lingüístico que era quen de o sustentar: Vilar Ponte, Ramón Cabanillas, Afonso Daniel Rodríguez Castelao, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, etc., coprotagonizan a secuencia central do segundo renacemento literario e cultural da primeira parte do século XX.

Os principais movementos culturais, políticos e sociais de comezos do século XX aparecen rubricados tamén pola sinatura de Victoriano Taibo, converténdose en parte activa do movemento galeguista daquela altura.

O exitoso xornal inaugurador no século XIX dunha práctica escrita monolingüe íntegra en galego, *O Tío Marcos da Portela*, a revista referencial para as inquedanzas estéticas dos anos 20 do século pasado, *Nós* ou *Ronsel*, publicación coetánea da anterior e próxima ao movemento vangardista, acollen o pensamento e a obra de Victoriano Taibo, cualificado por Xosé Luís Méndez Ferrín como un dos vates poéticos da xeración Nós¹, habitualmente recreada na historiografía literaria como xeración de prosistas, herdeiro de Eduardo Pondal e, fundamentalmente, debedor creativamente de Ramón Cabanillas², mais conciliador con apostas estéticas renovadoras de Manuel Antonio, quen á súa vez, segundo consta en correspondencia mantida entre ambos os dous, adoptou a Taibo como *preceptor na fala*, ao consideralo *un insuperábel mestre na materia*³.


Resulta inevitábel ler as palabras de Victoriano Taibo no prólogo ao seu libro de contos de ascendencia popular *Da agra aberta* (1956) e non rememormos de xeito



inmediato aqueloutras do ilustre e sempre referente do noso pensamento nacional, Castelao: “Se aínda somos galegos, é por obra e gracia do idioma”. O idioma que nos representa como o que somos perante o mundo: galegos e galegas. O mesmo mundo dos demais, compartido con máis de 6.000 linguas e as súas correspondentes maneiras de configurar pensamento e cultura de seu.

E porque compartimos espazo neste planeta de pensamentos e linguas, é obvio que tamén compartimos historias, crenzas e lendas. Unha base cultural máis común do que poida parecer de inicio, mais que non sente a necesidade de se agochar e disfrazar en palabras alleas. As nosas palabras adoptan un vestiario propio para recrearen escenarios que nós identificamos en función do que culturalmente desde hai séculos connotan. Palabras que noutras cociñas con arrecendos e sabores diferentes arrouparanse noutra fonética e léxico enfeitizador para outro auditorio igualmente vizoso de relatos engaiolantes.

No espello da literatura oral reflíctese a nosa identidade, porque a variante popular do



galego oral foi o noso soporte e mantedor cando, desde os séculos escuros, pretenderon coutarnos da nosa palabra medieval brillantemente convertida en tempo pretérito en literatura culta para nós e, asemade, en referente europeo, como ben ás claras rememora o propio Taibo no prólogo ao conxunto de relatos tirados *par'ô povo* baixo o título *Da agra aberta*. Volvéndonos ás

palabras do sabio Castelao, hoxe podemos seguir a ser galegas e galegos por obra e gracia de non a teren abandonado como lingua de comunicación oral os nosos devanceiros, nos tempos en que a razón da *ius* caía sobre todo aquilo que afastase barbaramente do correcto camiño da unificadora homoxeneización.

O galego oral foi o noso garante. A lingua, máis unha vez, facéndonos aos poucos, malia ser na escrita unha *fala pouco traballada*, como expresa Victoriano Taibo, por razóns impostas e alleas á propia diacronía interna da lingua.

Para Victoriano Taibo no pobo é onde é que reside o cerne da lingua pura. Con certeza, na altura de 1956 en que viu a luz *Da agra aberta*, o pobo galego producía e reproducía aínda un idioma respectuoso consigo mesmo –malia non ser aínda lingua oficial no seu propio territorio, estar afastada con carácter prescriptivo e por imperativo legal de calquera uso social de prestixio, pulular sobre ela todo tipo de actitudes negativas e non tela aprendido nunca na escola, senón de xeito natural, nos ámbitos de relación familiar e social.

No entanto, introduce Victoriano Taibo no seu discurso unha preocupación, común aos seus coetáneos, que conduce o seu discurso cara ao diagnóstico dalgunhas claves que albisca como condicionantes a ter en conta para o bo futuro do idioma, canto á estandarización da norma escrita se refire, necesaria de xeito máis apremante para os escritores. Superada a fase lingüística dialectal e interdialectal propias da segunda metade do século XIX, iníciase ao pé deste segundo renacemento cultural galego das primeiras décadas do século XX, especialmente a partir da fundación das Irmandades da Fala (1916), a etapa coñecida como supradialectalismo⁴ en que os escritores se conciencian da necesidade de elaborar unha norma culta e común para o galego como lingua literaria, que concluirá coa publicación das *Normas pra a unificación do idioma galego*, elaboradas pola Sección de Lingua do Seminario de Estudos Galegos a partir da seguinte afirmación:

A lingua galega foi orixinariamente a mesma que usou o reino portugués no seu berce e con el a pesares da separazón política marchou xunto na fala o pobo galego ata fins do séc.XIV (...).

Con esto está dito o espírito que debe domeñar a nosa ourentazón: “O de achegamento ao portugués nos baldeiros que hai que encher no noso idioma(...).

Hoxe é tempo de adolescencia da nosa cultura e polo tanto da nosa lingua; así que non trabemos o desenrolo dela desbotando as ricas formas dialectás, ou sometendo a régoas inflexibres a evolución das verbas dende o latín, ou asiñando taxativamente os cultismos.⁵

Os tratados de lingüística centrados no estudo e estandarización do galego son, como corresponde a unha lingua cunha evolución diacrónica interrompida, e polo tanto antinatural, historicamente escasos e, en consecuencia, relativamente recentes. Até a segunda parte do XIX teremos que agardar para acharmos gramáticas e dicionarios, cando para as linguas do noso contorno os estudos lexicográficos se remontan ao século XVI. A gramática de Mirás (1864) adoita identificarse como a primeira hoxe coñecida; a ela continuarán outros traballos semellantes da autoría de Saco y Arce (1868), Cuveiro Piñol (1868), Santiago y Gómez (1918), Lugrís Freire (1922 con reedición en 1931), Couceiro Freijomil (1935) e Carballo Calero (1966). Todas elas teñen en común seren editadas en vida de Victoriano Taibo⁶, ademais de, como lembra o profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato,

seren serodias e, asemade, diglósicas, non só por estaren redixidas en español boa parte delas, senón porque en case todas, incluídas as escritas en galego, o español está sempre presente como lingua de constante referencia ou como pano de fondo. Desta forma, pódese afirmar que o discurso gramatical galego foi construído en comparación, contraste ou oposición constante á lingua dominante politicamente.⁷

Valoración semellante acae á elaboración de vocabularios e dicionarios compiladores do

léxico galego. O primeiro vocabulario manuscrito do que temos noticia actualmente é o datado en 1858 da autoría de Luís Aguirre del Río⁸. Desta mesma data é o *Breve diccionario gallego* co que Pintos acompañou a segunda edición de *La Gaita Gallega* para facilitar a lectura da obra, que posteriormente daría lugar ao seu acrecentado *Vocabulario gallego-castellano*, ao que continuarán novos dicionarios publicados por Francisco Javier Rodríguez, Cuveiro Piñol ou Marcial Valladares⁹.

Neste contexto é que cómpre adecuarmos esta reflexión de Victoriano Taibo:

O propio idioma non se adprende soamente c’os catro veciños de cada rueiro, senon na vixilia estudiosa, ouvindo o povo, manexando libros e dicionarios, e se a man vén, a Gramática. Para lêr non abonda nacer.

Cales son, xa que logo, os principios que rexen a elaboración da lingua literaria do noso autor explicitados neste prólogo convertido en pequeno tratado de lingüística? Veláí a resposta:

Pois nestas páxinas non se inventa nin res nin se derrama nada. Todo nelas, no qu’ô linguaxe se refire, axústase ô falar do povo, garda fidelidade ô significado das palabras, e ô seu valor en composición, tal como as nosas xentes as usan; âs leis da Sintaxis e â exbreza do xiro.

Transcorrido o tempo desde a escrita destas palabras avaladas por unha concepción da lingua e da súa historia hoxe superadas, en moitos aspectos, poderíamos sintetizar a praxe lingüística de Victoriano Taibo ao redor das seguintes consideracións:

1. Fidelidade máxima ao falar do pobo; consecuentemente a mellor regra *ha ser ouvir ô povo e imitalo* pois é o pobo *quen fixo e sostén a fala*.
2. Concepción da lingua galega como código diferente e independente do castelán e do portugués.

3. Necesidade de elaboración dunha norma literaria propia culta que ten como modelo a obra poética do vate rexurdimentista Eduardo Pondal.

4. Importancia do coñecemento da semántica propia do léxico galego, empobrecida pola escolla innecesaria de castelanismos anuladores da propia semántica e da lexicografía puramente galega.

5. Atención á crenza de que só ten xustificación de existencia aquel vocabulario galego con entrada nos dicionarios editados.

Desde o rigor científico, algunhas das anotacións apuntadas polo noso autor hoxe están superadas; no entanto, aínda son moitos parágrafos do seu discurso os que gardan unha pasmosa vixencia, avanzada xa a primeira década dun novo século e após máis de dous decenios desde a aprobación das *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega* que pretendían normativizar o galego.

Victoriano Taibo pregoa a necesidade de contarmos cun modelo lingüístico para a escrita literaria elaborado, saneado de castelanismos innecesarios, convertidos consecuentemente en barbarismos, enriquecido por lusismos coherentes que o encontro na cadea do tempo obriga filoloxicamente a compartir, e non arredado da riqueza lingüística e semántica que o pobo protector gardou para si, incluso agochado en variacións dialectais.

Un discurso que, malia o tempo transcorrido, e afrontadas certas revisións de actualización e concordia normativista, aínda nos acae como propio e de rabiosa actualidade por canto é coincidente, andándonos a primeira década do XXI, no diagnóstico actual sobre as causas do empobrecemento e o reduccionismo do noso idioma que, consecuentemente, e malia o selo de lingua oficial, paradoxalmente, semella querer nos introducir noutro código lingüístico próximo co que, a pesar das iniciais coincidencias xenéticas inevitábeis e posteriores

causalidades históricas máis próximas a unha realidade de conflito lingüístico, diverxe en cadansúa singularidade.

Expliquémonos e exemplifiquémolo. Asistimos hoxe con fortuna á elaboración dunha norma estándar tan necesaria para o galego como para calquera outro idioma. Asumimos que esta (supra)variante elaborada non anula as variantes dialectais propias de cada espazo xeográfico. No entanto, sorprendentemente, confirmamos como a estandarización do noso idioma leva aparelado para algúns revestir a lingua dunha neutralización e dunha asepsia que no canto de facela recoñecíbel como o que é, parece querela ir sometendo irremediabelmente ao que non é, até deixarse engulir por propia inanición, iso si, *oficial*.

A aniquilación da fonética galega, a ruptura das nosas estruturas morfosintácticas, a redución semántica e a castrapización estanse a converter nun padrón que vai camiño de converter o idioma galego nun *castelán arranxado á galega*, de moi dubidosos beneficios, en definición do propio Victoriano Taibo. Non esquezamos tampouco esa teima autodestrutiva cara ao léxico patrimonial, en que este *existe ou defenéstrase* en función da súa recolla nos dicionarios actuais. O galego *existe* na medida en que os dicionarios lle conceden certificado de nacemento ás súas palabras. U-lo restante léxico patrimonial?

Esa abstracción que denominamos *o bo galego* construímosla ou deconstruímosla entre todos e todas as falantes. É por iso que debemos pór atención ás súas propiedades, á súa estrutura.

A historia colocounos nun camiño de entremedias: desde a unidade inicial co portugués á submisión ao castelán. Mais nós temos o noso espazo lingüístico: aquel que o pobo construíu sen calar e que a filoloxía galega axuda a recuperar.

Se activamos o noso ouvido curioso, decatámonos da incesante perda de vocabulario propio cando este camiña paralelo

a outras formas coincidentes co castelán: parece que temos que *recordar* e non *lembrar*, pola mañá é necesario *espertar* e xa non *acordar*, asistimos gozosos a *vodas* –respectuosísimos coa etimoloxía gráfica– mais non a *casamentos*, as cousas son mimeticamente *guais* cando sempre *camparon*, os nosos infinitivos teñen que agardar anestesiados e inmovilizados obviando a posibilidade natural de os conxugarmos –como aínda ben recolle Victoriano Taibo desde o mesmo título do prólogo–, *comemos* a todas horas, sen diferenciarmos cando *xantamos* ou ceamos ou almorzamos; o *luns* xa non pode ser *segunda feira*...

Este último exemplo apupa os medos de quen converteu o portugués no inimigo a bater

e denigrou o concepto de lusismo como peste da que fuxir. Traio para aquí unha anécdota que me contaba a este respecto Isaac Díaz Pardo ao se referir ao dificultoso que foi importar o nome *orzamento* no canto de *presuposto*. U-la razón? Moi simple, era un lusismo.

Victoriano Taibo recomenda *botar man da axuda do portugués, que sendo a mesma fala cultivada, acharemos nela, ademais do noso actual, muito bon que nos pode convir*. Parece obvio, para alén de filolóxico, que volvamos a ollada a ese tronco común que fomos, galegoportugués, sen prexuízo de que na actualidade as dúas linguas, produto dunha evolución senlleira máis aló do estritamente lingüístico, teñan as súas diverxencias. ■

¹ Xunto a Xohan Vicente Viqueira, Zapata García e Roberto Blanco Torres.

² Ricardo Carballo Calero emparenta Cabanillas e Victoriano Taibo, ademais de Antón Villar Ponte, Vicente Risco ou Otero Pedrayo na coñecida como Xeración das Irmandades.

³ Carta datada o 1 de maio de 1921 recollida no volume *A vangarda*, nº 27, *A Nosa Literatura*, A Nosa Terra/ AS-PG, 1997. Nesta mesma carta dedúcese a sería preocupación de Manuel Antonio, coincidente co propio Victoriano Taibo, por depurar a lingua galega de castelanismos empobrecedores conducentes ao *lento asasinato* da fala.

⁴ A tarefa principal será agora superar a dependencia localista da etapa dialectal e a mestura indiscriminada de solucións gramaticais propia dun período experimentador como é a etapa interdialectal. A lingua é sentida e reivindicada como sinal de nacionalidade e mostra identificadora do pobo, polo que a tarefa que cómpre iniciar é a purificación do idioma eliminando os castelanismos que o empobrecían, o que, no entanto, por veces afasta o galego da práctica falada polo propio pobo, que caracteriza en boa medida a lingua literaria desta altura e mais a da posguerra.

⁵ Normas publicadas en *A Nosa Terra*, número 337, Pontevedra, 23-06-1934

⁶ Tal e como se deduce da lectura do prólogo ao libro de contos *Da agra aberta*, os estudos gramaticais de Luguís Freire, Saco y Arce e mais Couceiro Freijomil eran ben coñecidos, para alén de compartidos, por Victoriano Taibo. O mesmo acontece cos dicionarios de Cuveiro Piñol e Marcial Valladares

⁷ Freixeiro Mato, X.R., *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 1998.

⁸ Malia estar datada no século XVIII a *Colección de voces y frases gallegas en coplas y un glosario de dichas voces* recompiladas polo Padre Sarmiento após a súa viaxe por Galiza en 1745, non hai constancia de que os escritores do rexurdimento decimonónico nin os do segundo renacemento do século XX coñecesen este manuscrito.

⁹ Ao igual que acontecía coa produción gramatical contemporánea, Taibo manexaba tamén para as súas argumentacións de carácter lingüístico e lexical a información recollida nos dicionarios de Cuveiro Piñol e Marcial Valladares.

FAMILIO 1742



VICTORIANO TAIBO